

## O mercantilismo

O sistema económico predominante no Antigo Réxime foi o mercantilismo. Este sistema estaba baseado na idea de que se debía fomentar a economía nacional para favorecer o fortalecemento do Estado que buscaban as monarquías absolutas. Para iso a política económica dirixiuse a:

- Exportar preferentemente a zonas que tivesen grandes cantidades de metais preciosos, como a América española e Castela co fin de obter moedas, ouro e prata. Desta maneira aumentábanse as riquezas do Estado.
- Establecer impostos de aduanas (aranceis) para protexer os produtos interiores e evitar que se importasen mercadorías do exterior, que farían que os metais preciosos saísen do país. En resumo, tratábase de conseguir unha balanza comercial positiva (máis exportacións ca importacións).
- Intervir desde o Estado na produción de materias primas e manufacturas, mediante leis que a favorecesen e a creación, por exemplo, das manufacturas reais, para evitar a adquisición de produtos no exterior.

### Lembra

As **manufacturas reais** son aquelas producidas en fábricas reais, é dicir, fundadas por iniciativa dos monarcas, que en moitos casos consistían en produtos de luxo destinados ao consumo na propia corte, como tapices, vidro etc. e que de non existir, seguramente serían adquiridas no estranxeiro. Un exemplo foi o das **reais fábricas de tapices** en España.

## ACTIVIDADES



11. Resume a situación da agricultura no século XVIII.
12. Debuxa nun mapamundi a ruta do comercio triangular incluíndo as fases da travesía e os intercambios que se levaban a cabo en cada unha delas.
13. Le o seguinte texto e coméntao:

A prosperidade do comercio depende dunha profunda industria en dar valor a todos os froitos naturais do Reino en todos os diferentes usos en que poden ser empregados. Para o que é necesario ter anualmente relacións puntuais de todo o que se produce en Francia, do que consome, do que envía a países estranxeiros e do que recibe, a fin de facer un cómputo do valor das mercadorías ou efectos de que se descarga pola súa abundancia co valor dos que recibe por necesidade. É preciso tamén saber canto ha de pagar en especies de ouro e prata polos xéneros que recibe ademais dos equivalentes naturais que entrega; porque non se pode dubidar de que os seus equivalentes non a compensan enteiramente. A proba é evidente polo gran número de navíos estranxeiros que entran nos portos de Francia cargados en parte con mercadorías finas, e que volven uns con xéneros de la, e outros con efectos de maior volume e por conseguinte de menos valor. E como desta falta de equivalencia resulta que os estranxeiros se enriquecen e o Reino se empobrece, é necesario sacar o desquite polos medios máis naturais:

1. Aumentar todas as producións do Reino, buscando a natureza onde foi menosprezada, e axudala con arte segundo o enxeño e habilidade particular de cada provincia.
2. Descargar o Reino de todas as especies que produce e fabrica con superabundancia.
3. Facer que tomen os estranxeiros estes sobrantes polo seu máis alto prezo.

*Proxecto sobre o comercio de Monsieur Colbert  
dirixido ao rei Luís XIV de Francia.*

### Axuda

Para **comentar un texto histórico**, debes seguir os seguintes pasos:

- Encadrar o texto, é dicir, identificar o autor, dando unha breve información sobre el, se é posible, a quen está destinado, o tipo de documento que é e a localización aproximada no espazo e no tempo do texto.
- Identificar as ideas principais que se expoñen e ordenalas segundo a súa importancia.
- Comentar o texto, poñendo en relación as ideas que se expoñen nel cos nosos coñecementos sobre a época e o aspecto concreto que se trata.
- Facer unha valoración final do texto nunha conclusión.